



ELECCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR 2018

Calendario Electoral

A resolución conxunta do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, establece as pautas de calendario para a celebración de eleccións de representantes da comunidade educativa no Consello Escolar dos centros docentes sostidos con fondos públicos.


Tendo en conta a lexislación vixente (a resolución antedita, no seu art. 2º, punto 3, o Decreto 92/1988, no art. 30, e o Decreto 324/1996), a Xunta Electoral aproba e fai público o calendario electoral:

1. 5 de novembro: Constitución da Xunta Electoral. Aprobación provisional e publicación dos censos. Fixación e publicación do calendario electoral.
2. Do 7 ao 14 de novembro, ambos os dous incluídos: Prazo de admisión de candidatos/as.
3. 15 de novembro: 2ª Reunión da Xunta Electoral. Toma en consideración das reclamacións ao censo. Aprobación definitiva dos censos. Admisión, proclamación e publicación provisional de candidatos/as. Sorteio público para a determinación de integrantes das mesas electorais para os sectores do alumnado / pais, nais, titores legais (titulares e suplentes).
4. 16 e 19 de novembro, prazo para posíbeis reclamacións á proclamación de candidaturas.
5. 20 de novembro: 3ª Reunión da Xunta Electoral. Resolución sobre posíbeis reclamacións e proclamación definitiva de candidatos/as. Aprobación dos modelos de papeletas e do horario das votacións.
6. 20 de novembro: Claustro para a lectura das normas do Regulamento (Decreto 92 /1988) no relativo ao procedemento de elección dos e das representantes do profesorado no Consello Escolar, relación de candidatos/as e acordo da data do Claustro Extraordinario de elección de representantes.
7. 27 de novembro: Celebración das eleccións.
8. 28 de novembro: 4ª e última Reunión da Xunta Electoral: Proclamación dos conselleiras e conselleiros electos. Traslado das actas das mesas electorais á Xefatura Territorial.
9. 3 de decembro: Constitución do novo Consello Escolar.

Santiago, a 5 de novembro de 2018.

O Director e Presidente da Xunta Electoral,




Asdo.: Manuel Portas Fernández.